**Proxecto Artello**
**Galego Ortografía 2**

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Edición*: Carlos L. Medrano Martínez
*Ilustración*: Xesús María Arana García e José Tomás Díaz Teijo
*Corrección*: Belén Rodríguez Suárez
*Cuberta*: Luís V. Panicot
*Preimpresión*: MACROM

© Rodeira-grupo edebé, 2006

Depósito Legal: C.2842-2006

**Edición non-venal**

# Índice


**1**. Regras de acentuación . . . . . . . . 5

Regras xerais de acentuación gráfica . . . . . . . . 5

Acentuación gráfica en ditongo e en hiato . . . . . . . . 9

**2**. Acentuación diacrítica . . . . . . . . 11

**3**. Casos especiais de acentuación . . . . . . . . 15

Verbo + pronome ou artigo. Interrogativos e exclamativos. Adverbios rematados en –*mente*. Palabras compostas. Estranxeirismos . . . 15

Outros casos de acentuación problemática . . . . . . . . 19

**4**. Uso de «b» e «v» . . . . . . . . 21

**5**. Uso de «h» . . . . . . . . 27

**6**. Uso de «j», «k», «w» e «y» . . . . . . . . 31

**7**. Grupos consonánticos . . . . . . . . 35

–bl–, –br–; –cl–, –cr–; –fl–, –fr–; –gl–, –gr–; –pl–, –pr– . . . . . . . . 35

–bc–, –bd–, –bn–, –bs–, –bt–; –pc–, –pn–, –ps–, –pt– . . . . . . . . 38

–cc–, –ct– . . . . . . . . 42

**8**. A diérese . . . . . . . . 45

**9**. O guión . . . . . . . . 47

**10**. A raia . . . . . . . . 49

**11**. Palabras xuntas e separadas . . . . . . . . 51

Substantivos e adxectivos . . . . . . . . 51

Adverbios, conxuncións . . . . . . . . 53

**12**. Maiúsculas e minúsculas . . . . . . . . 57



# Regras de acentuación

## Regras xerais de acentuación gráfica

### Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mazá*, *aquí*, *café*...
- En -n: *curmán*, *xamón*...
- En -s: *infantís*, *compás*...
- En -ns: *curmáns*, *algúns*...

Non se acentúan cando son monosílabas (*el*, *si*, *non*, *fe*...), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei*, *seguiu*, *ademais*, *papeis*...) ou cando acaban noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s* (*papel*, *arroz*, *nariz*...).

### Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *fácil*, *carácter*, *clímax*, *alférez*...
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps*, *bíceps*, *cámping*...
- En ditongos decrecentes: *posíbeis*, *hóckey*....

Non se acentúan cando rematan en vogal, *-n*, *-s* ou *-ns* (*mapa*, *lapis*, *canon*, *dolmens*...).

### Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

*páxina*, *médico*, *simpático*, *psicóloga*...

### Palabras sobreesdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

*entregáronllelo*, *fíxovola*...

# Actividades

**1.** Agrupa e ordena as sílabas de cada cor para formar dez palabras. Despois analízaas no cadro segundo a súa acentuación gráfica.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *pós* | *ca* | *ca* | *bam* | *es* | *ín* | *có* | *co* | *lo* | |
| *ven* | *mic* | *res* | *ce* | *to* | *me* | *pi* | *a* | *tán* | *da* |
| *dor* | *fes* | *bal* | *tra* | *ní* | *di* | *ti* | *bú* | *val* | |

| ***Palabra*** | ***Leva acento gráfico?*** | | ***Xustificación*** |
|---|---|---|---|
| | ***Si*** | ***Non*** | |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ................................................................................................................ |

**2.** Completa estas oracións escribindo nos ocos correctamente as palabras indicadas. Repara en que son voces sobreesdrúxulas.

(P1, pres. ind. de *asegurar* + *vos* + *o*)

- ..................................... : eu non tiven nada que ver co que pasou alí.

(P3, pres. ind. de *acumular* + *se* + *me*)

- Non podo máis! ..................................... o traballo da casa e aquí non hai quen axude.

(Imperativo singular de *amosar* + *lles* + *as*)

- As novas cortinas ..................................... aos teus pais en canto cheguen.

(P6, pret. ind. de *devolver* + *nos* + *os*)

- Os cartos ..................................... en canto llelos pedimos.

**3.** Clasifica en agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E) estas palabras. Despois completa axeitadamente as oracións que as seguen.

| louza | .... | louzá | .... |
|---|---|---|---|

- Gústame ese cadro que representa unha campesiña galega ..................... e esvelta.
- Despois de gardar a ..................... no seu sitio, freguei a cociña.

| cagado | .... | cágado | .... |
|---|---|---|---|

- Vou ter que cambiarlle o cueiro ao bebé porque está ..................... .
- Acabo de ver un ..................... nese regato.

| ananas | .... | ananás | .... |
|---|---|---|---|

- Os bonsais son unhas árbores ..................... que poden alcanzar un gran valor.
- Gústame facer zumes mesturando varias froitas: laranxa, ..................... , pomelo...

| revólver | .... | revolver | .... |
|---|---|---|---|

- Ela estivo a ..................... nos meus papeis e agora non atopo ese documento.
- O ..................... do bandido quedou sen balas e tivo que se render.

| soán | .... | soan | .... |
|---|---|---|---|

- As voces desta coral ..................... de marabilla.
- O vento ..................... adoita ser quente.

| cábala | .... | cabala | .... |
|---|---|---|---|

- Montaron unha gran ..................... para conseguir a destitución do ministro.
- Aquí está o peixe grellado: para min é a ..................... e para ti os xurelos.

| area | .... | área | .... |
|---|---|---|---|

- A ..................... desta praia é das máis finas e brancas que vin nunca.
- O helicóptero buscou os desaparecidos nunha ..................... de máis de 200 km cadrados.

| temperá | .... | témpera | .... | tempera | .... |
|---|---|---|---|---|---|

- Eu antes pintaba moito con acuarelas, mais agora prefiro a ..................... .
- Podes pousar a cunca co leite quente preto da fiestra para ver se ..................... .
- Os expertos din que, debido á calor, este ano o viño terá unha maduración ..................... .

# Actividades

**4.** Escribe o nome dos elementos debuxados. Ten en conta que en todos os casos debes usar palabras con acento gráfico.



— Escribe oracións combinando con sentido as palabras anteriores. Coida a acentuación gráfica.

- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........

**5.** Pon os acentos que faltan neste texto.

Os outros enmudeceron ao ver como tremían as pequenas mans da muller mentres agarraba con forza o revolver. Niso disparóuselle un tiro contra o teito e os tres comezaron a dar gritos alporizados. En medio da confusión, o tal Delmiro aproveitou para liscar por detras dos sofas cara á porta exterior e botarse escaleiras abaixo.

Rosiña saíu aloucadamente tras del coa arma na man e sentiuse nas escaleiras a detonación, multiplicada polo eco dun par de disparos. Despois a moza volveu entrar ás carreiras, pechou a porta dun golpe, pasou todos os ferrollos e asomouse ao balcon, desde onde volveu a descargar dous ou tres tiros máis contra o tal Delmiro cando intentaba saír pola porta principal en dirección á rúa, coxeando ostensiblemente. Logo, muda de estupor, entrou na sala outra vez, achegouse ao telefono e, sen deixar de apreixar coa man dereita o revolver, marcou coa esquerda o numero da policía.

Só acertou a dicir o enderezo e unhas palabras confusas. Despois rompeu a chorar e deixouse caer no sofa, alentando con dificultade e tremendo de axitación, mentres permanecía inmobil e palida coma unha estatua de marmore.

Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos*

# Acentuación gráfica en ditongo

O ditongo é o encontro de dúas vogais na mesma sílaba: *p**ia**no* (*p**ia**-no*)

Os ditongos levan acento gráfico segundo as regras xerais de acentuación. O acento gráfico sitúase sempre na vogal aberta (*a*, *e*, *o*).

*anc**iá**n* (aguda)

*p**ia**no* (grave)

*d**iá**logo* (esdrúxula)

***Excepción:***

Non levan acento gráfico as palabras agudas rematadas en ditongo decrecente: vogal aberta (*a*, *e*, *o*) + vogal pechada (*i*, *u*); ou dúas vogais pechadas (*i*, *u*).

*ad**eu**s* (aguda)

*viv**iu*** (aguda)

# Acentuación gráfica en hiato

O hiato é o encontro de dúas vogais en sílabas distintas: *oc**éa**no* (*o-c**é**-**a**-no*)

Os hiatos formados por dúas vogais abertas (a, e, o) acentúanse seguindo as regras xerais de acentuación.

*oc**éa**no* (esdrúxula)

*far**aó**n* (aguda)

Os hiatos formados por unha vogal aberta (a, e, o) átona e outra pechada (i, u) tónica levan acento gráfico na vogal pechada tónica (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

*alegr**ía*** (grave)

*b**aú**l* (aguda)

Os hiatos formados por dúas vogais pechadas (i, u), sendo a segunda tónica, levan acento gráfico na segunda vogal (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

*m**uí**ño* (grave)

*pos**uí**r* (aguda)

**6.** Ordena as sílabas de cada cor para formar seis palabras. Escríbeas na táboa e subliña de azul os ditongos e de vermello os hiatos que conteñen. Despois xustifica por que levan acento ou non.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| grí | se | mo | mu | des | fa | a | náu | ño |
| pois | í | la | a | rei | a | da | le | e |

| Palabra | Leva acento gráfico? | | Xustificación |
|---|---|---|---|
| | Si | Non | |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |
| ...................... | .... | .... | ........................................................................................................ |

**7.** Pronuncia as palabras de cada par: a primeira contén un ditongo e a segunda, un hiato. Consulta un dicionario se o precisas e forma con cada par unha oración.

*s**ai**a - s**aí**a* → ........................................................................................................................

*p**ai**s - p**aí**s* → ........................................................................................................................

*rec**ua** - rec**úa*** → ........................................................................................................................

*c**oi**do - c**oí**do* → ........................................................................................................................

**8.** Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Todos afectan a ditongos ou hiatos.

- En non queria destruir o teu castelo de area. Foi un accidente. Perdoame.
- O meu tio Luis, que é psiquiatra, está a estudar os efectos terapeuticos dos deportes nauticos.
- Eu non sabia que a raiña de Holanda fose tan ancia.
- O meu amigo Xoan viviu en Suiza moitos anos e despois volveu a Galicia.
- A el doelle a miudo a cabeza por culpa do ruido que sempre hai na sua rua.
- Hai unha grande expectacion na sala onde se celebra o xuizo contra esa estrela do beisbol.




# Acentuación diacrítica

| **Sen acento** | **Con acento** |
|---|---|
| *a* (artigo; pron. átono; preposición) | *á* (*a* + *a* artigo; *das aves*) |
| *as* (artigo; pron. átono) | *ás* (*a* + *as* artigo; *das aves*; *da baralla*) |
| *besta* (*animal*) | *bésta* (*arma antiga*) |
| *bola* (*peza de pan*) | *bóla* (*esfera, pelota*) |
| *ca* (conxunción) | *cá* (conxunción *ca* + artigo *a*) |
| *cas* (preposición) | *cás* (conxunción *ca* + artigo *as*) |
| *cha* (*che* + *a*) | *chá* (*plana*) |
| *chas* (*che* + *as*) | *chás* (*planas*) |
| *co* (*con* + *o*) | *có* (conxunción *ca* + *o*) |
| *cos* (*con* + *os*) | *cós* (conxunción *ca* + *os*) |
| *compre* (de *comprar*) | *cómpre* (de *cumprir*) |
| *compren* (de *comprar*) | *cómpren* (de *cumprir*) |
| *da* (*de* + *a*) | *dá* (de *dar*) |
| *das* (*de* + *as*) | *dás* (de *dar*) |
| *do* (*de* + *o*) | *dó* (*compaixón, loito*; *nota musical*) |
| e (conxunción) | *é* (de *ser*) |
| *fora* (de *ser* ou de *ir*) | *fóra* (adverbio) |
| *ma* (*me* + *a*) | *má* (*mala*) |
| *mas* (*me* + *as*) | *más* (*malas*) |
| *mais* (conxunción) | *máis* (adverbio) |
| *no* (*en* + *o*) | *nó* (*atadura*) |
| *nos* (pronome átono) | *nós* (pron. tónico; *ataduras*) |
| *o* (artigo; pronome átono) | *ó* (*a* + *o*) |
| *os* (artigo; pronome átono) | *ós* (*a* + *os*) |
| *oso* (*animal*) | *óso* (*do corpo*) |
| *pe* (letra) | *pé* (*do corpo*) |
| *pola* (*galiña*; *por* + *a*) | *póla* (*rama*) |
| *por* (preposición) | *pór* (*poñer*) |
| *presa* (*dique*, *prendida*) | *présa* (*apuro*) |
| *se* (conxunción; pronome átono) | *sé* (*sede eclesiástica*; imperat. de *ser*) |
| *so* (preposición) | *só* (adv. e adx. ) |
| *te* (pronome átono; letra) | *té* (*infusión*) |
| *ven* (de *ver*) | *vén* (de *vir*) |
| *ves* (de *ver*) | *vés* (de *vir*) |
| *vos* (pronome átono) | *vós* (pron. tónico) |

# Actividades

**1.** Asocia os elementos debuxados en círculos da mesma cor e escribe con cada par unha oración. Ten en conta que debes nomealos con palabras da páxina anterior (con ou sen acento diacrítico).




*Oracións*

- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................

**2.** Transforma estas oracións poñendo todo en singular. Sigue o modelo resolto e coida a acentuación diacrítica.

Eses rapaces tamén van ás festas.

↓

*Ese rapaz tamén vai á festa.*

Os meus sobriños veñen visitarme cada semana.

↓

..........................................................................................

Eses amigos meus son avogados.

↓

..........................................................................................

Por que non vides nunca a Vigo en tren?

↓

..........................................................................................

Eles dan diñeiro para calquera acto benéfico.

↓

..........................................................................................

**3.** Escribe unha pregunta que dea sentido a cada unha destas respostas. Presta atención ás palabras con e sen acento diacrítico.

— .......................................................................... ?
— As dúas.

— .......................................................................... ?
— Ás dúas.

— .......................................................................... ?
— Ven bastante mal.

— .......................................................................... ?
— Vén bastante mal.

— .......................................................................... ?
— Fora Carme.

— .......................................................................... ?
— Fóra, Carme.

— .......................................................................... ?
— Compre outra, si.

— .......................................................................... ?
— Cómpre outra, si.

# Actividades

**4.** Completa as oracións coas palabras adecuadas de cada par. Repara no uso do acento diacrítico.

*mais - máis*

- Necesito .......................... fariña. Con esa non chega para facer a empanada.
- Eu cheguei á cita puntual, .......................... Antón atrasouse media hora.

*cha - chá*

- Manuel María é, se cadra, o poeta máis recoñecido da Terra .......................... .
- Déixame a túa bicicleta, que xa .......................... devolvo pola tarde.

*presa - présa*

- A proxectada construción dunha .......................... neste río pon en perigo a flora e a fauna da zona.
- Síntoo, teño moita .......................... e, por iso, non podo seguir de parola contigo.

*vos - vós*

- .......................... fostes os responsables do que ocorreu, así que debedes desculparvos.
- Eu xa .......................... dixera que esa alfombra era pequena: agora hai que ir devolvela.

*se - sé*

- .......................... volves cedo, aínda poderemos ir ao cine ás oito e media.
- .......................... bo e vai axudar a teu pai a limpar os baños.

*nos - nós*

- Eles xa .......................... dixeran que podía chover. Non sei por que non trouxemos os paraugas.
- Creo que esas flores son para .......................... , polo noso aniversario de voda.

**5.** Pon os acentos diacríticos que faltan neste texto.

Un día daqueles aparéceme na casa un dos pastores do meu gando que me di que ven a todo correr porque ao pe da Rocha do Corvo apareceu un estranxeiro que, sen mais nin mais, alá lle botou man as mais ben mantidas vacas do rabaño e arramplou con elas como quen leva algo que lle pertence. Trataron os coidadores de llo impedir e emprendeuna a paus con eles con tal furia que deixou no campo por mortos a mais da metade. Quentóuseme entón o xenio e, sen pensalo dúas veces, agarrei a lanza e marchei a carreira para lle parar os pes ao ladrón. Vino como afalaba un par de becerriñas de curvados cornos e berreille de lonxe: «¡Párate aí, condenado, que te atraveso!».

Xosé Manuel Martínez Oca, *Outono na illa*



# Casos especiais de acentuación

## Verbo + pronome ou artigo

Cando os verbos levan pronomes enclíticos, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra.

*recibíraa* (palabra esdrúxula: *recibira + a*)

*fixéronllela* (palabra sobreesdrúxula: *fixeron + lles + a*)

Se se utiliza a combinación verbo + formas *–lo(s)*, *–la(s)* do artigo (2.ª forma), acentúase tamén coma se fose unha única palabra.

*bebéra-la auga* (palabra esdrúxula: *beberas + -la*)

As formas verbais que levan acento diacrítico manténeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome.

*é → élle, éa*

*dá → dáo / dáme / dálle*

## Interrogativos e exclamativos

Os pronomes e os adverbios interrogativos *que*, *quen*, *cal*, *onde*, *cando*, *como* e *canto* non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas.

*Que queres?*

*Cando vés?*

*Que desgraza!*

Tampouco se acentúan esas formas cando introducen interrogativas indirectas.

*Pregúntalle cando volverá.*

*Dime cal é.*

***Excepción:*** cando sexa preciso para evitar posibles ambigüidades, acentúanse as formas de pronomes e adverbios interrogativos.

*Eu xa sei qué hai.* → (o que hai)

*Eu xa sei que hai.* → (que si hai)

## Palabras compostas

Non mantén o acento gráfico o primeiro termo das palabras compostas xa soldadas sen guión.

*Riotorto*

*fervellasverzas*

*balonmán*

Mantén o acento gráfico cada elemento das palabras compostas unidas por guión.

*teórico-práctico*

*oés-noroeste*

*inglés-galego*

## Adverbios rematados en *-mente*

Os adverbios rematados en *-mente* non levan acento gráfico por se tratar de palabras graves rematadas en vogal.

*comicamente*

*comunmente*

*inutilmente*

No caso de apareceren varios adverbios rematados en *-mente* coordinados, esta terminación só aparece no derradeiro, e os anteriores manteñen o seu acento.

*cómoda e facilmente*.

## Estranxeirismos

As palabras tomadas de linguas estranxeiras de uso máis corrente seguen as regras xerais de acentuación.

| Agudas | Graves | Esdrúxulas |
|---|---|---|
| *ballet* | *pizza* | *hándicap* |
| *vermú* | *béisbol* | *párkinson* |

# Actividades

**1.** Transforma os enunciados que che damos en estruturas de «verbo + pronome(s) átono(s)» ou de «verbo + 2.ª forma do artigo». Sigue os exemplos resoltos e coida a acentuación gráfica.

| Verbo + pronome(s) átono(s) | Verbo + 2.ª forma do artigo |
|---|---|
| *fixeron + (a os nenos) + (a cea)* | *non perdas + (as chaves)* |
| *fixéronllela* | *non pérda-las chaves* |
| *pasa + (o balón)* | *ti farás + (a cama)* |
| ........................................... | ........................................... |
| *gardo + (a vós) (os cadernos)* | *sabes + (a resposta)?* |
| ........................................... | ........................................... |
| *resolverán + (o problema)* | *hai que apagar + (o ordenador)* |
| ........................................... | ........................................... |
| *escoita + (a canción)* | *fixeras + (a comida)* |
| ........................................... | ........................................... |

**2.** Explica brevemente a diferenza de significado entre estes pares de oracións. Repara en que o acento sobre o pronome interrogativo axuda a evitar ambigüidades.

*Dille que sabes.* → ..........................................................................................

*Dille qué sabes* → ..........................................................................................

*Pregunta quen quere.* → ..........................................................................................

*Pregunta quén quere.* → ..........................................................................................

*Ela non dixo que quería.* → ..........................................................................................

*Ela non dixo qué quería.* → ..........................................................................................

*Pregúntalle cando pode.* → ..........................................................................................

*Pregúntalle cándo pode.* → ..........................................................................................

**3.** Resolve este encrucillado, composto por estranxeirismos con acento gráfico. Dámosche as vogais acentuadas como axuda.




- Conforme a un modelo ou padrón común.
- Peza de vestir masculina de chaqueta e pantalón que se emprega en festas e actos sociais máis ou menos solemnes.
- No deporte do esquí, carreira en descenso na que os esquiadores deben pasar obrigatoriamente, en zigzag, por uns espazos chamados portas.
- Tipo de motor de combustión.
- Membro dun grupo de malfeitores, xeralmente armados, que cometen delitos.
- Utensilio en forma de «v» que, lanzado con movemento xiratorio, volve ao lugar de partida.
- Merenda campestre, xeralmente nunha viaxe ou excursión.
- Aquilo que non se pode tocar ou do que non se pode falar.
- Categoría deportiva para rapaces con idades comprendidas, aproximadamente, entre os 17 e os 20 anos.
- Local público onde se representan espectáculos musicais ou de baile e os clientes poden tomar bebidas, cear, bailar...

— Completa as seguintes oracións coas palabras do encrucillado anterior. Coida a acentuación gráfica.

- Xa temos todo listo para o ...................... : a tortilla de patacas, a neveira portátil, o mantel...
- Aquel vello bosquimán australiano é un experto no lanzamento de ...................... .
- Estou moi contento co meu coche de motor ...................... : consome moi pouco.
- O que máis me gustou do ...................... ao que asistimos onte foi o ambiente e a música.
- Aquela película policial trataba sobre a vida dun célebre ...................... norteamericano.
- Xoán alugou un ...................... para asistir á cea de gala na residencia do embaixador.
- As probas que me fixeron na óptica son as propias dunha revisión ocular ...................... .
- A esquiadora suíza Sonia Nef foi terceira na proba de ...................... .
- Non fales do cancro na casa de Anxo: ese é un tema ...................... .
- O noso equipo de baloncesto quedou subcampión provincial na categoría ...................... .

# Actividades



**4.** Ofrece o adverbio rematado en *–mente* que corresponde a cada un dos seguintes adxectivos. Coida a acentuación gráfica.

| Adxectivo | | Adverbio en *–mente* |
|---|---|---|
| áxil | → | ................................... |
| rápida | → | ................................... |
| fácil | → | ................................... |
| mecánica | → | ................................... |
| cortés | → | ................................... |
| última | → | ................................... |
| momentánea | → | ................................... |
| económica | → | ................................... |

— Completa agora estas oracións cos adverbios anteriores correctamente escritos.

- Antes mallábase o cereal á man, pero agora ese proceso faise ................................ .
- Onde andará Xaquín? ................................ non o vexo por aquí.
- Quero conseguir un traballo para ser ................................ independente dos meus pais.
- Hoxe estivemos ................................ sen luz porque houbo unha avaría no tendido eléctrico.
- Se queres que eu sexa educado e correcto contigo, ti tamén debes tratarme ................................ .
- Debemos saír ................................ do edificio: acaba de soar a alarma de incendios.
- Gústame ir ao zoolóxico e ver como os monos ruben ................................ polas árbores.
- Co meu coche novo aparco moi ................................ porque é moi pequeno e manexable.

**5.** Escribe estas oracións corrixindo todos os erros de acentuación gráfica que conteñen.

- Esa camiseta de balóncesto eme moi grande. Qué pensas ti?

  ..............................................................................................................................

- Primeiro usa ti o afíalapis e despois pasallelo aos teus compañeiros.

  ..............................................................................................................................

- Qué sorte! Este camping é boísimo. Difícilmente atoparemos outro mellor por aquí.

  ..............................................................................................................................

- A eles dalles vergonza pedirche o teu dicionario aleman-galego. Deixasllelo?

  ..............................................................................................................................

- Non sei qué facer. Irei ao curso de windsurf ou ao de linguaxe xuridico-administrativa?

  ..............................................................................................................................

- Por qué non paras quieto nun sitio? Non sexas férvellasverzas.

  ..............................................................................................................................

- Hoxe podemos ir de picnic á praia do Lago. Soavos ese sitio? Qué vos parece a idea?

  ..............................................................................................................................

# Outros casos de acentuación problemática

**En galego...**

**Son agudas**

*alfil*
*chofer*
*cepelín*
*popurrí*
*quefir*
*radar*
*sonar*

**Son graves**

*acne*
*albumina*
*argon*
*arquidiocese*
*ástur*
*atmosfera*
*bérber*
*celtibero*
*ciclope*
*conclave*
*cuadriga*
*diocese*
*elite*
*hemiplexía*
*heroe*
*ibero*
*karate*
*lígur*
*medula*
*mísil*
*neon*
*paraplexía*
*parasito*
*paxaro*
*pelicano*
*pénsil*
*pentecoste*
*prénsil*
*réptil*
*támil*
*tetraplexía*
*téxtil*
*traquea*
*vertixe*
*xermolo*

**Son esdrúxulas**

*aerólito*
*alvéolo*
*amálgama*
*anódino*
*auréola*
*bronquíolo*
*cardíaco*
*cóengo*
*décatlon*
*eléctrodo*
*electrólito*
*endócrino*
*espécime*
*gladíolo*
*isóbara*
*óboe*
*olimpíada*
*péntatlon*
*período*
*perístilo*
*petróglifo*
*rícino*
*rubéola*
*térmite*
*termóstato*
*tríatlon*
*xeróglifo*
*xílgaro*

# Actividades

**6.** Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar seis palabras. Despois pronúnciaas en voz alta e clasifícaas segundo sexan graves ou esdrúxulas.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ce | a | tlon | pí | til | dio | e |
| das | mos | te | téx | ra | a | fe |
| trí | lim | at | li | se | o | |

*Graves:* ..........................................................................................................

*Esdrúxulas:* ..........................................................................................................

— Completa estas noticias de xornal coas palabras anteriores. Coida a súa acentuación gráfica.

A Xunta concederalles axudas aos traballadores afectados polos expedientes de suspensión de contratos das empresas do ..................... e da confección de Galicia.

*Galicia Hoxe* (21-6-05)

O barcelonés Carlos Gil, en categoría masculina, e a madrileña Ana Burgos, na feminina, proclamáronse onte campións de España de ..................... .

*Galicia Hoxe* (6-7-05)

O Celta retorna á ..................... da Primeira tras gañar por 1-3 en Xerez, só un ano despois de perder a categoría.

*Galicia Hoxe* (6-6-05)

Benedito XVI acepta a renuncia de Gea Escolano como bispo da ..................... de Mondoñedo-Ferrol.

*Galicia Hoxe* (6-6-05)

A Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) reuniu esta semana en Santander algunhas das primeiras autoridades científicas sobre Titán, a lúa xigante de Saturno, o único satélite do Sistema Solar que ten ..................... .

*Galicia Hoxe* (14-7-05)

Hoxe comezan en Salamanca as XXXVI ..................... Internacionais de Física.

*Galicia Hoxe* (6-6-05)

**7.** Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Despois leas en voz alta correctamente.

- O ex-campión mundial de decatlon ten graves problemas cardiacos.
- O heroe da película que vin onte era o soldado celtibero que levaba a cuadriga do emperador.
- O chofer do autobús accidentado non ten tetraplexia, senón unha lesión na traquea.
- El non entende nada de paxaros: díxome que ese xilgaro era un pelicano.
- O que vimos no ceo non foi un misil, senón un meteorito que penetrou na atmosfera terrestre.
- O meu profesor de karate tivo unha lesión na medula e agora padece hemiplexia.
- Esa arqueóloga é un experta en petroglifos galegos e en xeroglifos exipcios.
- O meu veciño, o biólogo, ten unha conversa moi anodina: só fala de reptiles e de termites.




# Uso de «b» e «v»

## Úsase «b»

1. En interior de palabra, despois de «m»: *lombo*, *cambiar*, *pomba*...
2. En todas as formas dos verbos rematados en *-bir* (*escribir*, *recibir*, *rubir*, *prohibir*, *subscribir*...): *escribo*, *recibías*, *rubirá*, *prohibiron*...

   **Excepción:**

   *vir*, *vivir*, *servir* e os seus derivados.
3. En todas as formas dos verbos rematados en *-buír* (*atribuír*, *distribuír*, *contribuír*...): *atribuín*, *distribúes*, *contribuirán*...
4. En todas as formas dos verbos *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*: *bebo*, *coubo*, *deberá*, *lambía*...
5. Nas terminacións do copretérito (pretérito imperfecto) de indicativo dos verbos da 1.ª conxugación: *falaba*, *cantabas*, *bailabamos*...
6. Nas palabras que comezan por *bu-*: *bubela*, *bufanda*, *buscar*, *budista*, *burla*...

   **Excepción:**

   *vulgo*, *vulnerar*, *vulto*, *vulva*, *vurullo* e os seus derivados.
7. Nos casos en que o son [b] vai seguido doutra consoante: *branco*, *público*, *súbdito*, *absterse*...

   **Excepción:**

   *acivro*, *ávrego* e *ovni*.
8. Nas palabras cos prefixos *biblio-* ('libro'), *bi-* ou *bis-* ('dous'), *bio-* ('vida'), *sub-* ('baixo'): *bibliografía*, *bimotor*, *bioloxía*, *subatómico*...
9. Nas palabras derivadas ou compostas doutras que tamén se escriben con «b»: *polbo* → *polbeira*, *brazo* → *antebrazo*...
10. Por criterios etimolóxicos, en: *abelá*, *automóbil*, *bafo*, *balde*, *baleiro*, *beira*, *billa*, *bolboreta*, *biscaíño*, *fibela*, *gabia*, *gabián*, *marabilla*, *móbil*, *nobelo*, *polbo*, *rebentar*, *ribeira*, *trobar*, *trobador*, *Xabier* e os seus derivados.

## Úsase «v»

1. En interior de palabra, despois de «b», «d» e «n»: *obvio*, *advertir*, *inverno*...
2. En todas as formas dos verbos rematados en *-servar* (*reservar*, *conservar*...) e *-versar* (*conversar*, *terxiversar*...): *reservade*, *conservo*, *conversaron*...
3. En toda a conxugación dos verbos *estar*, *ir*, *ter*, *servir*, *ver*, *vir* e *vivir*: *estiven*, *vou*, *tivera*, *vexas*, *vivín*...

   **Excepción:**

   o copretérito do verbo *estar* (*estaba*, *estabas*...).
4. En todas as formas dos verbos rematados en *-ver* (*absolver*, *ferver*, *mover*, *ver*, *volver*...): *absolveron*, *fervía*, *moveu*, *verás*...

   **Excepción:**

   *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber*, *sorber* e os seus derivados.
5. Nos nomes dos números: *nove*, *vinte*, *vinte e un*...
6. Nos adxectivos rematados en *-ave*, *-avola*, *-eve*, *-evola*, *-ivola*: *grave*, *oitavo*, *leve*, *nociva*...

   **Excepción:**

   *árabe*.
7. Nas palabras que comezan por *di-*: *divagar*, *divino*, *dividir*, *diversión*...

   **Excepción:**

   *dibásicola*.
8. Nas palabras co prefixo *vice-* ('cargo de rango inferior') ou co sufixo *-vorola* ('comer'): *vicepresidenta*, *insectívoro*...
9. Nas palabras derivadas ou compostas doutras que tamén se escriben con «v»: *inverno* → *invernadoiro*, *vento* → *papaventos*...
10. Por criterios etimolóxicos, en: *acivro*, *avó*, *avoa*, *avogado*, *caravel*, *chuvasco*, *covarde*, *Cristovo*, *escarvar*, *escaravello*, *Estevo*, *esvelto*, *garavanzo*, *gravar*, *gravata*, *pavillón*, *trevo*, *varanda*, *varredor*, *varrer*, *vasoira*, *vermello*, *verniz*, *verza*, *voda*, *voitre*, *vulto*, *xavelina* e os seus derivados.

# Actividades

**1.** Indica, co número adecuado, que regra de uso de «b» ou «v» afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- Meu pai fixo ***v**inte* ***b**uratos* co seu trade.
  ..... .....
- Despois do accidente, sinto unhas dores *le**v**es* no ***b**razo* dereito.
  ..... .....
- O ***v**icepresidente* dixo que se *prohi**b**iría* fumar durante as roldas de prensa.
  ..... .....
- Onte fun ***v**er* ao porto un *su**b**marino* inglés.
  ..... .....
- Ese ancián *di**v**írtese* moito xogando co seu ***b**isneto*.
  ..... .....
- Na miña factura de teléfono *ha**b**ía* dez chamadas *interpro**v**inciais*.
  ..... .....
- Algúns *in**v**entos* *contri**b**uíron* enormemente ao progreso da humanidade.
  ..... .....
- O karateka galego dixo que aínda *conser**v**a* forzas para o último *com**b**ate*.
  ..... .....

**2.** Completa con «b» ou «v» segundo conveña. Repara en que os ocos sempre están en verbos.

- O náufrago descri....iu aos periodistas como sobre....i....iu naquel illote durante tres semanas.
- Eu creo que con....ersar con el resol....ería o problema, pero Ana di que non ser....iría para nada.
- Por sorte, onte reser....ei os dous últimos cuartos que ha....ía libres nese hotel.
- Non conci....o como eles me atri....úen a min esas palabras: eu nunca dixen tal cousa.
- Con....én que vos inscri....ades nese curso de ioga canto antes.
- O presidente dixo que non sa....ía que o seu conselleiro mal....ersara fondos públicos.
- Eu só inter....ín na reunión para dicir que subscri....ía por completo as palabras de Paula.
- O químico disol....eu os compoñentes en auga e logo distri....uíu a mestura en tubos de ensaio.

— Clasifica os verbos anteriores segundo leven «b» ou «v». Anota as formas de infinitivo.

| *Verbos con «b»* | *Verbos con «v»* |
|---|---|
| ........................................................ | ........................................................ |
**8.** Completa adecuadamente estas palabras e rodea cun círculo a voz que en cada serie non comparte o grupo consonántico das demais.

*eucali*.......*o* – *trí*.......*ico* – *di*.......*ongo* – *Exi*.......*o*

*se*.......*embro* – *ré*.......*il* – *ace*.......*ar* – *ine*.......*o*

*rece*.......*ión* – *conce*.......*ión* – *descri*.......*ión* – *corru*.......*ión*

*su*.......*tantivo* – *a*.......*tracto* – *o*.......*ervar* – *su*.......*traendo*

*dece*.......*ión* – *inscri*.......*ión* – *eru*.......*ión* – *o*.......*ión*

## Grupos -cc- e -ct-

**Despois de «a», «e» e «o»**, mantense o grupo consonántico completo: *acción*, *sección*, *occidental*...; *abstracto*, *adxectivo*, *noctámbulo*...

***Excepción:***

algunhas palabras mudaron o primeiro «c» por «i» ou «u»: *doutor*, *doutoramento*, *oitavo*, *reitor*, *reitorado*, *reitoral*, *reitoría*, *seita*...

**Despois de «i» e «u»**, na maioría dos casos, suprímese a primeira consoante do grupo: *aflición*, *ditado*, *vitoria*, *dedución*, *introdución*, *produto*...

***Excepción:***

mantense o grupo consonántico con algunhas palabras técnicas e cultas pouco frecuentes: *edicto*, *ictericia*, *succión*...

### i, u + c / t

*abdución*
*abdutor*
*acueduto*
*adución*
*adutor*
*aflición*
*aflito*
*beneditino*
*condución*
*conduta*
*conduto*
*condutor*
*conflito*
*constrición*
*constritivo*
*construción*
*construtivo*
*construtor*
*contradición*
*contraditorio*
*contrición*
*dedución*
*dedutivo*
*delito*
*delituoso*
*destrución*
*destrutor*
*dicionario*
*distrito*
*ditado*
*ditadura*
*ditame*
*ditar*
*estrito*
*estrutura*
*flutuación*
*flutuante*
*flutuar*
*frutífero*
*frutificar*
*frutuoso*
*gasoduto*
*indución*
*indutor*
*instrución*
*instrutivo*
*instrutor*
*interdito*
*introdución*
*introdutor*
*introdutorio*
*lutuoso*
*obstrución*
*obstrucionismo*
*obstrucionista*
*obstrutivo*
*oleoduto*
*predición*
*produción*
*produtivo*
*produtividade*
*produto*
*produtor*
*reconstrución*
*redución*
*reduto*
*redutor*
*reprodución*
*reprodutor*
*restrición*
*restritivo*
*salvoconduto*
*sedutor*
*tradución*
*tradutor*
*usufruto*
*usufrutuario*
*viaduto*
*vítima*
*Vítor*
*vitoria*
*vitorioso*
*xurisdición*

### i, u + cc / ct

*adicción*
*adicto*
*convicción*
*convicto*
*deíctico*
*dicción*
*dúctil*
*ductilidade*
*edicto*
*eructar*
*eructo*
*ficción*
*ficticio*
*fricción*
*friccionar*
*ictericia*
*ictérico*
*ictiografía*
*ictioloxía*
*ictiomancia*
*indicción*
*invicto*
*lictor*
*micción*
*pictografía*
*pictográfico*
*pictograma*
*pictórico*
*ricto*
*succión*
*succionar*
*veredicto*
*vindicta*

**9.** Resolve este encrucillado. Algunhas palabras que o forman perderon o primeiro elemento no grupo –cc– ou –ct– e outras consérvano.



- Exercicio no que o mestre ou mestra lles dita un texto aos alumnos para melloraren a ortografía.
- Que deixa moi pouca liberdade de acción, que non dá lugar á excepción.
- Persoa ou animal que sofre un dano ou é prexudicado por alguén ou por algo.
- Construción en forma de ponte para conducir as augas salvando un desnivel.
- Limiar, prólogo.
- Seguridade que se ten cando se está convencido de algo.
- Actuación contraria á lei.
- Forma de goberno na que se suprimen os dereitos e liberdades dos cidadáns.
- Imaxinario, non-real.
- Mandato ou orde publicada por unha autoridade para que sexa de coñecemento xeral.
- Susceptible de soportar grandes transformacións e adoptar diferentes formas sen se chegar a romper.
- Decisión dun xuíz ou dun tribunal sobre un caso concreto.

**10.** Pon –c– nos lugares onde corresponda.

- Segundo o di....cionario, o adxe....tivo «pi....tórico» significa ‘relativo á pintura’.
- O condu....tor freou ao ver aquel estraño obxe....to no medio da estrada.
- O bebé de Ana e Xosé tiña i....tericia, pero seguiron exa....tamente as instru....cións médicas e o neno curou en pouco tempo.
- Eu creo que buscar a paz por medio da forza é un obxe....tivo contradi....torio en si mesmo.
- O recordo daquel lu....tuoso momento provoca neles grande afli....ción.
- Se a miña conxe....tura é corre....ta, o problema no teu motor débese á mala fri....ción destas pezas.
- Só teño unha obxe....ción para ir ver esa película: a min a fi....ción científica non me gusta.
- O moderno sistema de su....ción do meu aspirador evita que teña conta....to co po na casa.

# Actividades

**11.** Rodea cun círculo a forma correcta de cada par. Despois completa adecuadamente, coas formas correctas, os fragmentos de noticias que che presentamos.

| | |
|---|---|
| *drogaditos - drogadictos* | *destrutor - destructor* |
| *construción - costrucción* | *oitavo - octavo* |
| *vicerreitor - vicerrector* | *produción - producción* |
| *estrutura - estructura* | *invito - invicto* |
| *vitoria - victoria* | *produtivos - productivos* |

O furacán Dennis está a perder vigor a medida que se introduce en EEUU e pasou a ser considerado unha treboada tropical, pero aínda con poder ............................ , pois está a provocar inundacións en varios puntos do sueste do país.

*Galicia Hoxe* (12-7-2005)

Un taller didáctico organizado pola Fundación Barrié achega os cidadáns ás claves do deseño de Breuer, un dos deseñadores e arquitectos máis importantes do século XX. Neste taller, os alumnos en idade escolar infantil e primaria disporán dun xogo de ............................ de encaixables co que crearán seis cadeiras a tamaño real con ............................ de madeira.

*Galicia Hoxe* (15-7-2005)

O pivote Fran Vázquez, nado en Chantada, foi elixido polos *Magic* de Orlando co número 11 da primeira rolda do sorteo universitario da NBA. Vázquez converteuse así no ............................ xogador español en ser elixido no *draft*. Antes chegaron a esta elección Fernando Martín (posto 38), José Antonio Montero (113), Roberto Dueñas (58), Pau Gasol (3), Raúl López (24), Navarro (40) e Albert Miralles (39).

*Galicia Hoxe* (30-6-2005)

O suízo Roger Federer ofreceu onte unha completa exhibición na súa cómoda ............................ sobre Andrew Roddik. O virtuosismo de Federer ponse a proba principalmente nas finais de *Grand Slam*, onde permanece ............................ .

*Galicia Hoxe* (4-7-2005)

O presidente da Sociedade Española Interdisciplinaria de Sida (Seisida), Daniel Zulaika, destacou que mentres a finais dos anos oitenta o 70 % das persoas co virus eran ............................ ; na actualidade, dos máis de 3 000 novos diagnósticos VIH positivos, a metade son por transmisión heterosexual.

*Galicia Hoxe* (11-6-2005)

Os investigadores galegos son «os máis ............................» do Estado se se compara o gasto por profesor coa súa ............................ de publicacións científicas, segundo o libro *Indicadores científicos de Galicia 1990-2003*. As conclusións do informe foron dadas a coñecer onte en Santiago por Félix de Moya, catedrático e ............................ de Novas Tecnoloxías da Universidade de Granada e director do estudo.

*Galicia Hoxe* (13-6-2005)




# A diérese

**Úsase a diérese [ ¨ ]**

1. Coa **letra «u»**, para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas *güe*, *güi*, fronte a *gue*, *gui*.

   *antigüidade*

   *bilingüe*

2. Coa **letra «i»**, na primeira e segunda persoas de plural dos copretéritos de indicativo dos verbos rematados en *-aer*, *-oer*, *-aír*, *-oír* e *-uír* para indicar que este «i» forma sílaba en por si. Deste xeito, distinguimos estas formas das do presente de subxuntivo, en que o «i» forma ditongo: *caiamos, caiades* (*ca-ia-mos, ca-ia-des*).

   copretérito de ind.: *caïamos* (*ca-i-a-mos*)

   presente de subx.: *caiamos* (*ca-ia-mos*)

# Actividades

**1.** Localiza na sopa de letras as palabras definidas. Ten en conta que unhas conteñen o grupo –gu– (sen diérese) e outras conteñen o grupo –gü– (con diérese).

- Que fala dúas linguas. → ......................
- Instrumento músico de corda, cunha caixa de madeira en forma oval, estreita no centro e cun burato por riba do cal pasan as cordas, que van suxeitas a unha especie de barra de madeira. → ......................
- Argumentar razoadamente. → ......................
- Mover de abaixo arriba, levantar. → ......................
- Habitante da Güiana. → ......................
- Ave de rapina diúrna, de gran forza e tamaño . → ......................
- Deporte en que se fan carreiras con piraguas. → ......................
- Conflito bélico. → ......................
- Ave palmípeda propia dos mares antárticos incapaz de voar pero gran nadadora. → ......................
- Falta de vontade para traballar ou realizar calquera actividade. → ......................

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | U | G | B | I | L | I | N | G | Ü | E | L |
| E | G | U | G | Ü | I | A | N | É | S | R | A |
| G | Ü | E | S | O | P | Í | G | U | A | G | R |
| P | I | R | A | G | Ü | I | S | M | O | U | G |
| O | P | R | E | G | U | I | Z | A | G | E | Ü |
| G | U | A | N | B | U | E | S | G | Ü | R | Í |
| U | T | I | O | R | A | I | T | O | Í | F | R |
| O | P | E | G | U | I | T | A | R | R | A | U |

—Crea oracións combinando as palabras anteriores. Coida o uso da diérese.

- ......................................................................................................................................................
- ......................................................................................................................................................
- ......................................................................................................................................................
- ......................................................................................................................................................
- ......................................................................................................................................................

**2.** Pon as diéreses que faltan nestas oracións.

- De cativos, meu irmán e mais eu sobresaiamos no deporte: eramos grandes piraguistas.
- Cómpre evitar que as novas leis minguen os dereitos das persoas monolingues en galego.
- Quero que me traiades unha mesa da tenda de antiguidades que vimos en Guitiriz.
- Nós oiamos atentos o que el nos dicía, pero non entendiamos nada pola súa ambiguidade.
- Os unguentos para a pel proporciónanlles pingues benificios aos fabricantes de cosméticos.
- Onte, cando saiamos da biblioteca, atopamos no chan uns libros de sociolinguística.




# O guión

## Úsase o guión [ – ]

En **palabras compostas**, escríbense con guión:

1. As palabras compostas en que o primeiro elemento é *non-* ou *ex-*.

    *non-intervención*

    *ex-ministra*

2. Asociacións léxicas máis ou menos ocasionais non-fixadas na lingua.

    *dicionario inglés-galego*

    *estudo xurídico-económico*

3. Os nomes de puntos cardinais de dobre composición.

    *les-nordeste*

    *nor-noroeste*

4. Algunhas palabras tomadas de linguas estranxeiras.

    *foie-gras*

    *wáter-polo*

Coa **2.ª forma do artigo** determinado (*-lo, -la, -los, -las*) nos seguintes contextos:

1. Despois de infinitivo, das formas verbais conxugadas que rematen en *-r* ou *-s* e dos pronomes enclíticos *nos*, *vos* e *lles*.

    *Vou colle-las laranxas.*

    *Perdíche-los cartos?*

2. Despois dos pronomes tónicos *nós* e *vós* cando van seguidos dunha precisión numérica.

    *nó-los dous*

    *vó-los sete*

3. Despois do adverbio *u*.

    *U-lo libro?*

## Non se usa guión

Despois de *ambos*, *entrambos* e *todos*, cos seus femininos, da preposición *tras*, da conxunción copulativa *(e) mais*.

*ámbalas dúas*

*entrámbolos dous*

*tódolos días*

*tralos montes*

*eu e mailo fillo de Miguel*

Para segmentar palabras en **final de liña** de acordo coas seguintes normas:

1. As palabras pártense entre dúas sílabas.

    *sardi-/ña* (ou *sar-/diña*)

    *mo-/edeiro* (ou *moe-/deiro*, ou *moedei-/ro*)

2. Os dous elementos dun dígrafo non se poden separar, por constituíren a representación dun son único.

    *co-/che*

    *espe-/llo*

    *co-/rromper*

    *ningu-/nha*

    ***Excepción ás regras 1 e 2:***

    nalgunhas palabras derivadas en que non se perdera a conciencia do prefixo, recoméndase facer a partición entre o prefixo e a base

    *bis-/avó*

    *sub-/liñar*

    *inter-/rexional*

3. Por razóns estéticas adoita evitarse deixar unha vogal soa a final ou a principio de liña.

    **u-/nha*

    **bale-/a*

4. Se a partición coincide cun guión que ten outra finalidade (palabras compostas, 2.ª forma do artigo), cómpre repetilo ao comezo da liña seguinte.

    *dicionario inglés-/-galego*

    *pecha-/-la fiestra*

# Actividades

**1.** Corrixe os erros que afectan ao uso do guión.

- O iate do exministro tomou rumbo oéssudoeste.

 ..........

- Ana ten unha cea con algúns excompañeiros de filoloxía galegoportuguesa.

 ..........

- A expresidenta finesa deu unha conferencia sobre a non proliferación de armas nucleares.

 ..........

- Vou ir co meu foxterrier a un curso teóricopráctico de adestramento de cans.

 ..........

- O meu novo veciño é excampión olímpico de wáter polo.

 ..........

**2.** Escribe estas oracións usando a segunda forma do artigo. Fai todas as transformacións precisas.

- Quero que vós as dúas sexades as primeiras en saber a noticia.

 ..........

- Meu irmán acaba de cruzar a meta, xusto tras o corredor etíope.

 ..........

- Onde tes os cartos que che dei para pagar o alugamento do piso?

 ..........

- Meu pai vén cortar o pelo a esta barbaría todos os meses.

 ..........

- Por que non lles pasaches o balón a Xurxo ou a Luís? Ambos os dous estaban ben situados.

 ..........

**3.** Fai todas as segmentacións posibles destas palabras a final de liña. Sigue o exemplo resolto.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *compañeiro* | *com-*<br>*pañeiro* | *compa-*<br>*ñeiro* | *compañei-*<br>*ro* | |
| *aeronáutica* | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... |
| *cruza-la ponte* | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... |
| *guerreiro* | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... |
| *algunhas* | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... | ..........<br>.......... |




# A raia

**Úsase a raia [ — ]**

1. Para introducir un inciso ou aclaración nunha oración maior. É semellante ao uso das parénteses.

   *Un ano máis —e xa van cinco— a carreira congregou centos de persoas.*

2. Nos diálogos de textos narrativos, para indicar o inicio da intervención de cada personaxe.

   *—Xoán, queres vir ao concerto?*

   *—Hoxe non podo. Teño moito traballo.*

3. Nos diálogos de textos narrativos, para introducir comentarios do narrador entre as palabras dos personaxes.

   Se a intervención do personaxe non continúa despois do comentario do narrador, ponse só a raia de comezo.

   *—Agardade por min! —berrou Carme.*

   *—Acouga que non marchamos aínda e non temos présa —respondéronlle.*

   Se a intervención do personaxe continúa despois do comentario do narrador, este péchase con outra raia.

   *—Vai calor —dixo Eva—. Abre a fiestra.*

   *—Agora vou.*

# Actividades



**1.** Copia este texto poñéndolle todas as raias [—] que lle faltan.

Tras a praia, ascendendo case que en vertical, erguíase unha parede de cantís escarpados e no seu cume, escura e solitaria, alzábase a torre do faro.

Ese é o faro do avó sinalou Roland mentres pousaban as bicicletas onda un dos camiños que descendían entre as rochas ata a praia.

Vivides aí os dous? preguntou Alicia.

Máis ou menos respondeu Roland. Co tempo construín unha pequena cabana aquí embaixo na praia e pódese dicir que é a miña casa.

A túa propia cabana? inquiriu Max, tratando de localizala coa vista.

Desde aquí non poderás vela aclarou Roland. En realidade era un vello alpendre de mariñeiros abandonado. Arranxeino e agora non hai queixa. Xa o veredes.

Carlos Ruiz Zafón, *O Príncipe da Brétema*

**2.** Escribe un breve texto no que exemplifiques os tres usos da raia vistos na páxina anterior.




# Palabras xuntas e separadas

## Substantivos e adxectivos

### *Constituíntes xuntos*

Se a flexión de xénero ou número se realiza só no último constituínte ou se a palabra composta é invariable, a unión entre os seus compoñentes prodúcese directamente.

*cartafol* (→ *cartafoles*)

*vacaloura* (→ *vacalouras)*

*abrelatas* (invariable*)*

### *Constituíntes separados*

De realizarse a flexión de xénero ou número nos dous constituíntes ou só no primeiro, estas escríbense de forma separada (sen guión).

*garda civil* (→ *gardas civís*)

*camión cisterna* (→ *camións cisterna*)

# Actividades

**1.** Agrupa e ordena as sílabas de cada cor para formar substantivos. Despois escríbeos xuntos ou separados segundo conveña no cadro que segue.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *rrú* | *co* | *gar* | *me* | *ga* | *ca* | *bar* | |
| *tas* | *to* | *dí* | *bei* | *so* | *bra* | *a* | *cos* |
| *mans* | *por* | *mo* | *ma* | *mon* | *da* | *a* | *pa* |
| *dio* | *fá* | *vo* | *tés* | *ble* | *ra* | *sa* | |

| *Flexiona en xénero ou número só o segundo constituínte* (o cartafol → os cartafoles) *ou é invariable* (o abrelatas → os abrelatas) | *Flexionan en xénero ou número os dous constituíntes* (o garda civil → os gardas civís) *ou só o primeiro* (o camión cisterna → os camións cisterna) |
|---|---|
| ............................... ............................... ............................... ............................... | ............................... ............................... ............................... ............................... |
| ***Constituíntes xuntos*** | ***Constituíntes separados*** |

— Completa agora estas oracións coas palabras anteriores convenientemente escritas.

- Por favor, garda as botellas de licor no .................................... .
- O .................................... perseguiu o barco dos contrabandistas.
- O xabaril tamén pode recibir o nome de .................................... .
- Quedei con eles ao .................................... no pavillón de deportes.
- Naquel documental vin como un .................................... cazaba un coello.
- Multaron a Filipe por aparcar o seu coche enriba da .................................... .
- Ti podes durmir no .................................... que hai no salón.
- Dille ao avó que se suxeite ben no .................................... cando baixe as escaleiras.

**2.** Escribe estas oracións corrixindo os erros que conteñen.

- En Noite Boa ceamos peixesapo guisado e de sobremesa turrón e noces.

  ..........................................................................................................................................

- A misa de cabo dano do tenentecoronel non é no campo santo senón na igrexa.

  ..........................................................................................................................................

- O alcalde deulles a ben vida aos participantes no campionato de pesca deportiva de peixespada.

  ..........................................................................................................................................

**Adverbios, conxuncións...**

***Constituíntes xuntos***

*acotío*
*adrede*
*amais (de)*
*amodo*
*apenas*
*arreo*
*dabondo*
*decontado*
*decontino*
*decote*
*decotío*
*deseguida*
*deseguido*
*devagar*
*disque*
*enseguida*
*entrementres*
*talvez*
— adverbios

*dezaseis*
*dezasete*
*dezaoito*
*dezanove*
*douscentos*
*trescentos*
*catrocentos*
*....*
— numerais

*conque* — conx. consecutiva (= 'polo tanto, daquela')

*porque* — conx. causal

*porqué* — substantivo (= 'motivo, razón')

*senón* — conx. adversativa; preposición

*demais* — pronome

***Constituíntes separados***

*a carón*
*á présa*
*a tempo*
*de certo*
*de repente*
*de súpeto*
*en fronte*
*en seguida*
— adverbios

*vinte e un*
*vinte e dous*
*vinte e tres*
*vinte e catro*
*vinte e cinco*
*vinte e seis*
*vinte e sete*
*vinte e oito*
*vinte e nove*
*trinta e un*
*....*
— numerais

*con todo* — loc. conx. adversativa (= 'non obstante')

*des que*
*entre tanto*
— loc. conx. temporais

*polo tanto* — loc. conx. consecutiva

*con que* — loc. conx. condicional (= 'se'); prep. + pron. relativo ou pron. interrogativo.

*por que* — prep. + pron. interrogativo.

*se non* — conx. condicional ou completiva + adv. de negación

*a máis* — artigo ou preposición + adv. de cantidade

*de máis* — loc. adv. de cantidade (= 'demasiado'); prep. + adv. de cantidade

# Actividades

**3.** Completa cada serie de oracións coas palabras adecuadas do recadro que as precede.

*conque - con que*

- Confórmome ..................... hoxe non nos marquen máis de dous goles.
- Dixéronnos que xa non había entradas ..................... non puidemos ir ao concerto.
- ..................... frecuencia acostumas ir ao ximnasio?
- Iso é como eu cho digo, ..................... non lle deas máis voltas.
- O ordenador ..................... traballa Xoán é xa moi vello.
- ..................... estudes algo todos os días, aprobarás.

*porque - porqué - por que*

- Xabier agora pregúntase ..................... Ana se anoxou con el.
- Agora teño sono ..................... esta noite durmín mal.
- Gustaríame saber o ..................... dos vosos risos.
- ..................... queres ir de vacacións no mes de setembro?
- Collín o paraugas ..................... parecía que ía chover.
- ..................... corres tanto se temos tempo de sobra?

*senón - se non*

- ..................... marchamos agora mesmo, chegaremos tarde ao cine.
- O médico non quere facerche dano, ..................... curarte.
- Non fai nada ..................... durmir e ver a televisión.
- Non comas máis ..................... tes fame.
- Aquilo non era un lobo, ..................... un raposo.
- Pregúntome ..................... haberá por aí outro restaurante máis barato ca este.

*demais - de máis*

- Eu quero ir de viaxe a París e os ..................... queren ir a Roma.
- Agora pensa só en poñerte mellor, o ..................... non ten importancia.
- Eu non estaba cómodo na discoteca: alí había xente ..................... .
- Temos necesidade ..................... mantas porque as que hai son poucas.
- Viñeron todas: Ana, Carme e as ..................... compañeiras de clase.
- É mellor que cales: estás a falar ..................... .

**4.** Rodea cun círculo a forma correcta de cada par. Despois completa as oracións coas palabras correctas adecuadas.

| | |
|---|---|
| *disque - dis que* | *adrede - a drede* |
| *polotanto - polo tanto* | *dabondo - de abondo* |
| *arreo - a reo* | *enseguida - en seguida* |
| *entretanto - entre tanto* | *apenas - a penas* |

- Manuel antes visitábanos moito, pero agora .......................... vén por aquí.
- Eu creo que el ten razóns .......................... para estar anoxado convosco.
- De collermos este atallo, chegaremos á casa de Paulo .......................... .
- Os bombeiros traballaron .......................... para tratar de apagar o incendio.
- Non sei onde estará Xulia. .......................... ía facer unhas compras á vila.
- Eu cambieille o cueiro ao bebé. Marta, .......................... , preparoulle a merenda.
- Este é o quinto cartón amarelo de Ronaldo, .......................... estará un partido sen xogar.
- Uns din que rompiches os pratos accidentalmente, outros din que foi .......................... .

**5.** Indica, con palabras, o resultado das seguintes operacións matemáticas.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *18* | + | *11* | = | .......................................... |
| *8* | *x* | *4* | = | .......................................... |
| *56* | – | *31* | = | .......................................... |
| *51* | *:* | *3* | = | .......................................... |
| *13* | + | *15* | = | .......................................... |
| *51* | *x* | *4* | = | .......................................... |
| *92* | *:* | *4* | = | .......................................... |
| *42* | – | *26* | = | .......................................... |

# Actividades

**6.** Escribe estas oracións corrixindo os erros que afectan a palabras xuntas ou separadas.

- Debemos ir máis aprésa porque o noso autobús sae dentro de vintecinco minutos.

  ..................................................

- Desúpeto escoitei que petaban na porta. Se cadra era meu irmán, ou tal vez fose un veciño.

  ..................................................

- Mónica paseaba de vagar pola praia, entre mentres eu descansaba sobre a miña toalla.

  ..................................................

- Luísa estivo lesionada moitas semanas; contodo marcou dezaseis goles esta tempada.

  ..................................................

- Come a modo que, saíndo dentro de media hora, aínda chegamos á reunión atempo.

  ..................................................

- Ese coche leva máis de tres centos días aparcado enfronte da miña casa. De quen será?

  ..................................................

- Agarda un chisco, que o médico vén de contado. El vive acarón da nosa casa.

  ..................................................

- Desque Xoán fixo vinteún anos só pensa en ir de viaxe a Nova Zelandia.

  ..................................................

**7.** Crea un texto no que introduzas, de forma coherente, cantas palabras poidas das traballadas nas actividades anteriores.

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................



# Maiúsculas e minúsculas

## Levan maiúscula inicial

1. A primeira palabra dun texto e a primeira despois de punto e seguido, de punto e á parte e doutros signos (admiración, interrogación e puntos suspensivos) cando equivalen a punto.

   *Abrín os ollos. Onde estaba? Non recoñecía aquel lugar.*

2. Os nomes propios: nomes de pía e apelidos, nomes de deuses e divindades, topónimos, nomes de ríos, de astros...

   *Xoana, Estévez, Zeus, Ourense, Sol*

   Como regra xeral, o artigo inicial dalgúns topónimos vai con maiúscula: *O Carballiño.* En cambio, vai en minúscula se forma contracción: *Son do Carballiño.*

3. As formas abreviadas de tratamento.

   *Dra., Sr., Dª., Vde.*

4. A primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas, programas de televisión...

   *Os dous de sempre, Mareas vivas*

5. Os títulos de xornais e revistas, que adoitan levar en maiúscula tamén as iniciais das restantes palabras.

   *A Nosa Terra, Golfiño*

6. Os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos, partidos políticos, empresas e outras entidades formalmente constituídas.

   *Xunta de Galicia, Banco Pastor*

7. Os substantivos e adxectivos dos nomes de etapas históricas, feitos singulares da historia, correntes artísticas e culturais, festividades civís ou relixiosas...

   *Paleolítico, Revolución Francesa, Noiteboa*

8. Escríbense con maiúsculas todas as letras de números romanos e siglas.

   *Benedito XVI, ONU*

***Lembra***

No caso dos dígrafos, só se escribe en maiúscula o primeiro elemento.

*China, Guillerme*

As palabras con letras maiúsculas seguen as regras xerais de acentuanción.

*África, CÉSAR*

## Levan minúscula inicial

1. A primeira palabra despois dos signos de admiración e interrogación cando van seguidos de coma ou punto e coma.

   *Calar?, falar?, que facer?*

2. Os nomes propios cando son usados como comúns.

   *Non sexas quixote. Quero un ribeiro. Moléstame o sol nos ollos.*

3. Os nomes xenéricos de lugar: *mar, cabo, illa, ría, río, canal, praza, rúa, avenida...*

   *mar Mediterráneo, cabo Touriñán*

   ***Excepción:***

   Algúns nomes xenéricos de lugar lexicalízanse e forman parte do nome oficial do topónimo, polo que deben escribirse tamén con maiúscula.

   *Mar Morto, Porto do Son*

4. Os nomes xenéricos das relixións e dos seus seguidores.

   *budismo, budistas; cristianismo, cristiáns*

5. Os nomes dos días, dos meses e das estacións do ano.

   *luns, xaneiro, primavera*

6. Os nomes dos puntos cardinais cando fan referencia ás coordenadas xeográficas ou a unha dirección.

   *leste, vento do sur*

7. Os nomes de cargos de institucións e empresas, títulos nobiliarios ou xerarquías relixiosas.

   *o presidente da Xunta, a condesa de Fenosa, o arcebispo de Santiago*

# Actividades

**1.** Indica, co número adecuado, que regra de uso das maiúsculas afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- **A**s festas do **E**ntroido en **V**erín son divertidísimas.
  ..... ..... .....
- **R**osalía de **C**astro inaugurou o **R**exurdimento coa publicación de ***C**antares gallegos* en 1863.
  ..... ..... ..... .....
- **Q**ue delicia de guiso! **P**restouche a ti tamén?
  ..... .....
- **S**egundo o xornal ***G**alicia **H**oxe*, acaba de ser descuberto un novo satélite de **S**aturno.
  ..... ..... .....
- **O D**r. **H**enríquez foi nomeado director do **H**ospital **X**eral.
  ..... ..... ..... .....
- **O**nte vin na **TVG** o capítulo **XIV** de ***P**ratos combinados*.
  ..... ..... ..... .....
- **Q**uerida **P**aula: **E**scríboche esta postal desde **A**lemaña...
  ..... ..... ..... .....
- **A** comezos do século **XX** fundouse a **R**eal **A**cademia **G**alega.
  ..... ..... .....

**2.** Completa os ocos destas oracións con letras en maiúscula ou minúscula segundo conveña.

- Reunireime con ....de. ás doce en punto na ....raza da ....uintana.
- Como ves ti ese problema? ....ensas que o resolveremos antes do ....adal?
- O ....residente da ....unta reunirase mañá coa ....elegada do ....indicato ....abrego ....alego.
- As miñas clases na ....scola ....ficial de ....diomas comezan en ....utubro.
- Acabo de ler ....*n* ....*illón de* ....*acas* de ....anuel ....ivas e gustoume moito.
- Saímos d.... ....oruña no veleiro con rumbo ....este e chegamos ata as ....llas ....isargas.
- Onde se puido meter Carme?, ....ría á praia?, ....airía de compras?
- A ....ocialista ....olores ....illarino é a primeira muller que preside o ....arlamento de ....alicia.
- Debes saber que ....hiva non é unha ....eusa do ....udismo senón do ....induísmo.
- ....xía ....ereira fará un traballo sobre a ....evolución ....rancesa. ....u fareino sobre o ....eolítico.
- Lin no xornal .... ....*osa* ....*erra* que o pasado ....artes houbo un gran terremoto en ....abo ....erde.

**3.** Copia este texto poñendo todos os puntos e as maiúsculas que lle faltan.

### óscar pereiro, un talento en alza

óscar pereiro consolídase como un grande escalador após gañar unha etapa e quedar de décimo no tour a clave do seu éxito é a loita até ficar sen folgos

hai tres tipos de ciclistas no tour: o líder que bater, o grupo de ciclistas que se conforman con estar detrás de lance armstrong intentando acadar unha das prazas do podio e os que dan espectáculo e loitan até o final sen deixarse amedrentar polo que leva a camisola amarela óscar pereiro é desa terceira clase loitador onde os haxa, o de mos, con 27 anos, puxo o ciclismo galego, de novo, no cume

cunha vitoria e un segundo posto nos pireneos demostrou que pasa por ser un dos mellores escaladores da actualidade de feito, afianzouse coa segunda praza na clasificación da montaña, por detrás do danés rasmussen, que fixo puntos nas primeiras etapas da rolda moitos pensan agora que de non ser pola súa fatídica caída nos alpes e por ter que facer de gregario do teórico líder do seu equipo, o colombiano santiago botero, hoxe estaría loitando polo podio en parís

*A Nosa Terra* (26-7-05)